



Listas eleitorais

O Bloque Nacionalista Galego participa nos próximos comicios municipais do 25 de maio presentando, por primeira vez, listas en 307 municipios, o que significa poder chegar ao 99 por cento do eleitorado.

8



Co mar e a paz, en Cangas

O Bloque Nacionalista Galego presentou o lema de campaña nun acto en Cangas que serviu de autoafirmación do futuro que está por chegar e que depende, en grande medida, da xente e do seu esforzo por recobrar o protagonismo na defensa "do Mar, da Paz e do País".

8

Voceiro do Bloque Nacionalista Galego
2ª época / número 5
Especial Municipais
maio 2003

BE-NE-GA



Publicación editada polo BNG, marzo 2003

Sen ofrecer un catálogo exhaustivo, as **Bases para unha Galiza diferente**, son unha mostra das prioridades e compromisos dos gobernos municipais do BNG.

1. Participación cidadán
2. Con orgullo do noso
3. As mulleres, protagonistas
5. Novo modelo de cidade espazos para vivir e respecto polo medio ambiente
4. Desenvolvemento sustentábel
6. Benestar social
7. Un país divertido.

Disfrutando coa cultura 2-7

... no teu concello, no teu País". Porque para o Bloque Nacionalista Galego o futuro de Galiza pasa por contar e priorizar o traballo e empeño dos cidadáns e cidadás que loitan e desexan uns municipios diferentes, paso *sine qua non*, na política nacionalista, para construír unha "Galiza global", fronte á visión desgredadora e "localista" que favorece o Partido Popular.

Trata-se, en consecuencia, dun lema que tenta trasladar ao eleitorado, por unha parte, a "sintonía" desta formación política co movemento cidadán xurdido sobre todo

nos últimos tempos e, por outra, o "contrato" que se comprometen a "asinar" e cumprir taxativamente naqueles concellos onde se consiga representación.

“A forza da xente...

Tres son os principios fundamentais nos que se basea o dito "contrato", segundo explicou o Portavoz Nacional, Xosé Manuel Beiras, na presentación da imaxe da campaña:

1. Recuperar os valores éticos no exercicio da política, "o que se fai máis necesario que nunca no actual contexto de involución, incluso contracorrente, dos principios democráticos nas diferentes institucións".

2. Devolver o protagonismo á cidadanía, "através da práctica dunha política igualitária, construtiva e dialogante, que ten en conta as súas necesidades e necesidades do veciño/a".

3. Propiciar a participación activa das persoas nos asuntos do concello, "básico para que o protagonismo da xente sexa unha realidade e non unha frase feita".

EDITORIAL

Galiza precisa un novo rumbo, deixar de sermos un País encorsetado por políticas que non respectan as enerxías da nosa xente nen os nosos intereses nacionais; a sociedade galega arela unha política diferente, máis acorde co protagonismo e a dignidade que veu reclamando nos últimos meses nos que, ademais, o PP deixou de ser referente para miles e miles de persoas que o percibiron claramente como unha forza política en declive, que atraizou as expectativas e a confianza que lle deran, e mesmo incapaz de xestionar e de facer funcionar as administracións públicas cunha mínima eficacia.


Hai muita xente esperanzada e activa. No País xoga-se algo importante o vindeiro 25 de maio e por iso, máis unha vez, o nacionalismo galego enfrenta con compromiso e adicación a cita electoral. Porque nos interesa este País e nos agrada o protagonismo da súa xente. Porque os tempos de involución democrática e imperialismo que dita a actual administración norteamericana avalan a vixéncia das ideas de emancipación, pacifismo e solidariedade internacional que motivan o proxecto político do BNG. Pero sobre todo porque, perante unhas eleccións locais o Bloque presenta-se xa como unha forza de goberno que está a transformar os concellos construíndo a Galiza diferente coa que soña unha nova maioría social no País.

Temos un balance de xestión municipal, visíbel nestas páxinas, que confirma a nosa capacidade para impulsar proxectos que revitalizan as nosas vilas e cidades, melloran as condicións de vida, re-



novan a democracia coa participación e defenden a nosa identidade nacional. Sen ofrecer un catálogo exhaustivo, as "Bases para unha Galiza diferente", son unha mostra das prioridades e compromisos dos gobernos municipais do BNG.

A nosa proposta electoral acompaña-se desta volta coa garantía do xa realizado. Consolidar e reforzar a nosa presenza institucional no ámbito local deberá servir para que estes esforzos teñan continuidade e se realicen en mellores condicións de goberno, facendo así avanzar en torno ao nacionalismo galego a alternativa que poña fin a un duplo círculo vicioso na política galega: a maioría absoluta de Fraga e a desconsideración polos sucesivos gobernos centrais (UCD, PSOE e PP) das necesidades e intereses específicos –políticos, sociais e económicos– do noso País.



Con orgullo

exemplos

Plano de Normalización Lingüística (P.N.L.) do concello de Santiago. O primeiro que se elabora e aproba por unha institución do país; converteu-se en referente dun grande Pacto Social polo Idioma.

Ciberlíngua: programa de dinamización lingüística no ámbito sócio-educativo no que participan os concellos de Lugo, Santiago, Pontevedra, Ferrol e Vigo.

Recuperación do parque etnográfico do Río Arnoia (Allariz)

Recuperación das festas tradicionais como a do Demo e a Feira Franca (Pontevedra)

Reabilitación de símbolos do nacionalismo como Alexandre Bóveda (Pontevedra, declaración do 2003 Ano Bóveda como símbolo do compromiso do municipio coa historia do País)



CAIXA DE CORREO

Aberta ás tuas opinións...

_____	_____
_____	_____
_____	_____

Bases para unha galiza diferente

Participación cidadán

exemplos

A Participación no Concello de Pontevedra:
Consellos Territoriais de Bairro e Parroquia

Foro Viciñal de Compostela

Traslado da estatua de Franco en Ferrol

**Web Institucional do
Concello de Vigo e xornal dixital Vigo.org**

- A xente, protagonista
- Erradicación da prepotencia e das prácticas clientelares e caciquís
- Institucionalización da participación social: a democracia participativa
- Compromiso coas liberdades democráticas: eliminación da simboloxía vencellada co rexime ditatorial anterior
- Redución da burocracia: axilizar a propia xestión administrativa ao través da utilización das novas tecnoloxías da información
- Meios de comunicación audiovisuais de titularidade municipal, que garanten o pluralismo sócio-político e usan o noso idioma
- Solidariedade: integración no Fondo Galego de Solidariedade, co obxecto de dar resposta alternativa á nova orde mundial imposta pola mundialización e de facelo evitando a dispersión de recursos e improvisación

do noso



- Política Lingüística. Traballamos pola normalización do idioma en todas as actividades políticas e administrativas da vida municipal; promovemos o uso social da lingua.
- Política de Recuperación do Patrimonio histórico-artístico-lúdico, co obxecto de potenciar o autoconecemento e de protexer e divulgar a riqueza e a memoria da nosa nación



As mulleres, protagonistas

- Fomento do papel do Concello como axente importante na loita a prol da non discriminación por razón de xénero
- Traballo porque a igualdade entre homes e mulleres sexa real, ante o enorme contraste que existe entre a lexislación e a realidade social



exemplos

Plano Municipal de Igualdade de Oportunidades (Santiago)

Servizo Casa de Acolliada Municipal para mulleres vítimas de maus tratos (Santiago)

Asistencia Xurídica gratuíta a mulleres maltratadas (Santiago)

Plano de Acción para combater a Violéncia contra as mulleres (Vigo)

Desenvolvemento suste



Escola de Pastores (Allariz). Destinada a formar futuros gandeiros na xestión de rebaños de ovino de leite e na fabricación de queixos de calidade.



exemplos

Viveiro de empresas (Pontevedra e Ferrol). O Concello facilita locais de baixa renda e por tempo determinado, para o desenvolvemento da actividade, así como servizos de asesoramento e material de oficina

Planta de Compostaxe (Concello de Lugo)

Experiencia piloto de autocompostaxe nas parroquias do rural (Concello de Ferrol)

Mellora do servizo de recollida selectiva; modernización da recollida e limpeza viária; instalación de colectores de lixo soterrados e automatizados (Concello de Santiago)

- Aumentar os espazos públicos de calidade
- Compatibilizar a actividade comercial e de servizos co lecer e a cultura, é dicir, recuperar a superficie para seren, á vez, cenários da vida social e económica
- Conservación dos espazos naturais
- Vivenda ao teu alcance: freno á especulación e á suba do prezo; impulso da protección e rehabilitación de edificios
- Creación de Áreas Metropolitanas ou Áreas de Influencia urbana que incardinan as cidades no seu territorio, fronte ao modelo isolacionista das “cidades-estado” que dificulta o seu papel como motores do futuro do País
- Cidades menos ruidosas



exemplos

- Reforma urbana de Pontevedra (Peonalización)
- Peonalización do Bairro Histórico e do Bairro do Calvário de Vigo
- Plano de praias do Concello de Ferrol
- Recuperación do litoral no concello de Vigo
- Área Metropolitana de Vigo
- Área territorial urbana de Pontevedra

- Planos Especiais de Protección do Casco Histórico (Rehabilitación de Vivendas, rehabilitación de fachadas, construción de aluguer para xente nova): Bairro da Magdalena en Ferrol e Rehabilitación integral do C.H. de Santiago
- Promoción de vivendas protexidas: PAAU de San Paio de Navía (Vigo)
- Posta en marcha do Centro de Interpretación Ambiental do concello de Santiago

Novo modelo de cidade

espazos para vivir e respeito polo medio ambiente



ntábel

Planta de Coxeneración de Allariz (conversión en enerxía eléctrica e calorífica da biomasa procedente dos labores de limpeza do matorral nas terras de produción agrária, gandería ou forestal abandonadas)

Programa de aforro enerxético do alumeadado público en Vigo

- Harmonizar desenvolvemento e medio ambiente
- Aposta polo desenvolvemento sostíbel, entendido como camiño de progreso social e económico
- Garantir o futuro das novas xeracións
- Aproveitamento das potencialidades que ofrece o entorno natural
- Creación de emprego
- Impulsar a educación medio-ambiental, para criar unha conciencia social defensora do ecoloxismo
- Tratamento de Residuos Sólidos (R.S.U): proxectos baseados na recuperación, reutilización, reciclaxe e, sobre todo, diminución da produción de lixo e da fracción destinada á incineración
- Posta en práctica de programas de aforro enerxético e utilización de fontes renovábeis na produción de enerxía





- Promoción dos programas que garanten a igualdade social.
- Defensa do Ensino Público: propugna-se a ordeación educativa a nivel galego; para paliar as deficiencias da Xunta neste senso trabállase na dotación de recursos propios, servizos complementarios, actividades extraescolares universais e gratuítas, planes de integración profesional. A favor da xeneralización do ensino infantil
- Potenciación do transporte público, como garantía do uso racional do vehículo lixeiro que posibilita paliar as congestións de tráfico e a contaminación ambiental
- Intervencións de carácter asistencial para as persoas maiores, fomento das prácticas culturais, artísticas, deportivas e lúdicas entre este segmento da poboación

Benestar social

exemplos

Escolas Infantís (xeneralización do ensino infantil, centros con oferta de 0 a 3 anos: Conxo, Allariz, As Pontes)

Comedores escolares (Vigo)

Plan de Integración Profesional (Ferrol)

Modernización do T.P Vigo: bono-bus, billete de transferencia, aumento da frecuencia, renovación da flota

Restruturación do T.P Lugo: aumento de usuários en 85.000

Transporte no rural: Allarbus, que facilitou a comunicación entre todas as parroquias de Allariz

Programa de prevención e inserción social (Bergondo)

Centro de Día "Antonio Gandoi" (concello de Lugo)



Ócio alternativo para a mocidade



Un país divertido

Disfrutando coa cultura

- Política Cultural. O BNG fai política para disfrutar coa cultura, entendida non de maneira restrictiva senón como un complexo e ricaz sistema de relación e interacción social
- Diversificación do lecer nocturno
- Promoción das expresións artísticas e culturais da mocidade, apoio ás mesmas
- Deporte para todos/as: campañas de promoción, escolas deportivas, deporte recreativo

exemplos

A Cultura na Rúa: Pontevedra, un referente. Recuperación dos espazos urbanos como cenários da vida social e económica, da convivencia cidadá, do lecer e da cultura.

Oferta: Festiclown, Festival de Jazz, Festival de Títeres e Abril dos Libros

Programa "Ardora" (Ferrol)

"Noites Vivas", Cibers municipais gratuitos; locais de ensaio gratuitos onde os grupos teñen á súa disposición todos os medios (Vigo)

Fundación Vigo en deporte (VIDE)

Escolas Municipais deportivas de Cedeira





Sede Nacional

Avenida Rodríguez de Viguri 16, baixo
15702 Santiago de Compostela
Servizos Nacionais: Tel. 981 555 850 / Fax: 981 555 851
E-mail: sedenacional@bng-galiza.org
Páxina Web: www.bng-galiza.org

Colaboraron neste número:

Macías, Xabier; Muras, Xan; Obelleiro Lois;
Permui, Uqui; Veloso, Iolanda.



www.bng-galiza.org



Co mar e a paz, en Cangas

O Bloque Nacionalista Galego presentou o lema de campaña nun acto en Cangas que serviu de autoafirmación do futuro que está por chegar e que depende, en grande medida, da xente e do seu esforzo por recobrar o protagonismo na defensa “do Mar, da Paz e do País”.

Foi un acto, en consecuencia, celebrado baixo o espírito de que “nas nosas maos está o porvir”; un acto “contra o chapapote e contra os mísís”, “a favor da paz e a favor da xente”, de aí que non fora un mítin ao uso, senón unha “festa” conducida pola ironía e o sarcasmo de Carlos Blanco, “a resposta da Galiza viva á nube negra que tenta asolar o País por culpa da guerra e do afundimento do Prestige nas nosas costas”.

Os/as candidatos/as do BNG axuntaron-se na terra de María Soaña para proclamar que esta formación política é quen de impulsar o País que queremos: “aberto, creativo, comprometido, con vilas e cidades galegas, pensadas para os dereitos e a participación da maioría”, en palabras de Xosé Manuel Beiras, Portavoz Nacional.

Mais como esta formación política concorre ás eleccións do 25 de maio despois de ter asumido responsabilidades de goberno nas cidades de Galiza, non faltaron as alusións ao traballo feito durante estes catro anos, que foi definido pola Secretaría de Acción Municipal, Cecilia Pérez, como “unha relación de experiencias innovadoras e imaxinativas que confirman a capacidade do BNG para gobernar”.

“Un compromiso inequívoco coas liberdades democráticas”, engadiu o Coordinador da Executiva, Anxo Quintana, quen se referiu á retirada da estatua de Franco en Ferrol como exemplo ilustrativo do talento dun goberno nacionalista nos concellos, “gracias, Xaime”.

Listas

O Bloque Nacionalista Galego participa nos próximos comicios municipais do 25 de maio presentando, por primeira vez, listas en 307 municipios, o que significa poder chegar ao 99 por cento do electorado, o obxectivo que se marcou a formación política de cara a estas eleccións, conscientes de que, no actual contexto, “o BNG é un referente, a forza que mellor conecta coa maioría social que está a reclamar un cambio para Galiza”, en palabras de Xosé Manuel Beiras, Portavoz Nacional.

Trata-se dunhas listas nas que, ademais de se constatar un cambio cuantitativo importante con respecto ás anteriores eleccións, destaca o incremento de mulleres e a renovación, así, pode-se salientar o total de 48 mulleres candidatas á alcaldía e o cambio dun 50 por cento nos cabezas de cartel. Sobre a paulatina incorporación da muller á actividade política, cumpre chamar a atención tamén no dato de que en seis de cada dez listas aumenta a presenza feminina, segundo fixo público Cecilia Pérez, Secretaría de Acción Municipal.

En termos globais non se pode falar aínda de acadar, como mínimo, o 40/60 por cento, mais o esforzo realizado, máxime tendo en conta as peculiaridades na confección de candidaturas nunhas municipais, cifra o total nun 30 por cento, fronte ao 24 do 1999. As sete grandes cidades, ademais, cumpren ou incluso superan (Santiago, 51 por cento) a porcentaxe mínima, así como outras vilas e comarcas, entre as que se pode tomar como exemplo Vilagarcía (50%) –por ser o oitavo municipio máis grande–, O Morrazo (45%) –comarca costeira– ou Verín (47%), vila de interior.

En conclusión hai que dicir que o BNG presenta nas súas listas un total, sumados os/as candidatos/as máis suplentes, de 4.819 per-

soas, “unha cifra histórica para o nacionalismo nunhas eleccións municipais”, afirmou Xabier Macías, Secretaría de Comunicación. Por provincias é histórico tamén completar A Coruña, presentar sete listas máis en Ourense e manter-se tanto en Pontevedra, onde haberá listas en todos os concellos, como en Lugo, onde só quedan catro municipios sen representación nacionalista.

En canto aos criterios seguidos para a elaboración das diferentes candidaturas, tivo-se en conta sumar os conceptos de experiencia máis renovación e perfís que son unha mostra moi representativa das diferentes circunstancias e realidades sociais, laborais e profesionais das cidades e vilas do País.



CONTACTA CON NÓS

Se queres recibir máis información ao respecto do BNG cobre cos teus datos este cupón e envia-o á Sede Nacional do BNG: Rodríguez de Viguri 16, baixo, 15702 Santiago.
Tel: 981 55 58 50 / Fax: 981 55 58 51. E-mail: sedenacional@bng-galiza.org

Nome e Apelidos:

Enderezo: Localidade:

CP: Teléfono: Idade: E-mail:

Receber gratuitamente a revista BE-NE-GA

Receber información para afiliarme ao BNG